

# O CLIMA, AQUÍ E HOXE

GREGORIO MONTES, ANTONIO

## 1. Introducción

Non hai clima de hoxe. Si, hoxe temos un tempo -ou unha temperie-, pero a idea de clima está asociada a un lugar de xeito invariable durante moitos ciclos estacionais. E si, está a cambiar.

Por outra banda, a temperie é motivo de aplicación diaria e de conversa, algo moi próximo -'aquí' e 'agora'- a tódalas persoas, e máis en zonas rurais, a maioría de Galicia.

## 2. Fundamentación teórica/metodolóxica

No marco da aprendizaxe -e incidindo se cabe máis na aprendizaxe por tarefas-, canto máis achegado estea o tema a quen aprende, en lugar, tempo e ambos como incluídos no interese particular, máis estímulo terá para aprender, e mellor rendemento poderá acadar. A máis, o coñecemento do entorno diario exerce unha posibilidade de mellora continua por interacción constante, sexa por aplicación de coñecementos ou por contraste co xa sabido e desenvolvemento propio a partir del. Polo coñecemento do entorno chégase á súa apreciación e ponderación das súas posibilidades, e tamén á valoración das nosas posibilidades de adaptación e intervención, como foi observado ó longo de diversos traballos sobre o clima de Ribadeo.

## 3. Desenvolvemento

A distancia e/ou de xeito presencial, as posibilidades de procura de datos meteorolóxicos cos que poder construír táboas e gráficas, asociar a temperie presente e futura ó que se ve... as posibilidades son variadas, dende a construción dos propios aparellos, pasando pola medición de datos ou a súa recollida na rede, ata chegar ó uso da folla de cálculo e/ou base de datos e comparación con outros conxuntos de observacións, sacando conclusións. E dende as crianzas máis pequenas ata o final da nosa vida temos posibilidades de aprendizaxe neste campo a diferentes niveis, dende o afinado das nosas posibilidades manuais para construción de aparellos, á precisión na obtención de datos, ou a ampliación da nosa perspectiva ó abranguer tempos máis amplos ou extensións de terreo maiores, entre outras posibilidades.

Analizaranse varias intervencións neste ámbito, da recollida de datos de xeito instrumental e plasmación en táboas comparativas ou a fabricación de instrumentos e a dificultade de gración á obtención dos datos mediante a web de MeteoGalicia e a tabulación, graficación e discusión posterior e tamén á comparación da bondade de previsións meteorolóxicas (MeteoGalicia e Aemet) en relación á temperie observada posteriormente.

#### 4. Conclusións/reflexións finais

Traballos realizables a medida en toda a secundaria como referencia, achega coñecementos e posibilidade de interpretación de datos meteorolóxicos, permitindo facer máis abarcable non só o clima ou a temperie, senón tamén o cambio climático, as súas consecuencias, causas e interaccións.

A foto estática dinos unha cousa sobre o incremento actual das variables meteorolóxicas. Os recordos dinnos da aceleración dos cambios. E nós, con memoria de peixe, sabemos do 'bo tempo que fai'...

#### 5. Referencias

[https://www.meteogalicia.gal/web/formacion/formacionIndex.action?request\\_locale=gl](https://www.meteogalicia.gal/web/formacion/formacionIndex.action?request_locale=gl)  
(consultado o 27/10/21)

A temperie ribadense no 2020. DL LU 1/2021  
(<https://www.slideshare.net/AntonioGregorioMonte/temperie-ribadense-2020-241176958>)

Actas de Actividades. Proxecto Arce, Investigación facendo e difundindo. DL LU 218/2012